

GR/TS

ASUNTO: INFORME-PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS Ó FINAL DA SÚA VIDA ÚTIL OU FÓRA DE USO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES.

Expediente: **2019052765**

En relación ao expediente de referencia e unha vez coñecido que non se presentaron ofertas no prazo concedido a tal efecto, solicitamos se **inicien novamente** os trámites oportunos para proceder a unha nova licitación do servizo de retirada de vehículos ao final da súa vida útil nos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a **50.000 habitantes**.


Co fin de facilitar a concorrencia dos licitadores, suprímese do PPT a necesidade de contar cun técnico en saúde ambiental ao non considerarse esencial dito requisito para cumprir a finalidade do contrato.

Dito cambio- o único realizado respecto ao anterior PPT- debe trasladarse ao PCAP nos apartados correspondentes (entre outros, cláusulas 3, 14.3 etc..).

En relación co sinalado na cláusula 3 do PCAP, *orçamento base de licitación, valor estimado, prezo e financiamento*, remítese novamente o desglose do custo unitario sen mencionar dito técnico de saúde ambiental, manténdose os mesmos prezos da anterior licitación (moi axustados) xa que logo a súa repercusión nos mesmos era mínima.

Así mesmo, solicítase que se manteñan os restantes termos do informe-proposta asinado por este técnico en data 24 de outubro de 2019.

Pontevedra, 11 de decembro de 2019.
O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.


Gabriel Rodríguez Alonso.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN.

